

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE XULLO DE 2023

Ás 11:00 horas do día 13 de xullo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 10 de xullo de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12131-224) (emenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 29 de xuño de 2023, o día 7 de xullo de 2023, concedeuse un prazo de tres días a ASE PSIKÉ, S.L. para que poidera emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto debía presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado, posto que no xa presentado non cubrira o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F das FEC deste procedemento (Anexo I do PCAP).

Cumprido o prazo concedido a licitadora non presenta a documentación requirida polo que a Mesa acorda, por unanimidade, non admitir neste procedemento a ASE PSIKÉ, S.L. por non ter emendado en prazo a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) (emenda documentación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 1 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 5 de xullo de 2023, o día 6 de xullo de 2023, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 ,11 e 12). En concreto debía presentar un novo Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente, no que aclarara si adscribía ou non os medios establecidos no apartado 5F das FEC do PCAP e un novo DEUC, asinado dixitalmente, xa que a declaración que fixera na "Parte IV: Criterios de Selección – a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección", no que indicaba que NON cumpre todos os criterios de selección requiridos, supuña a imposibilidade de presentarse neste procedemento.
2. NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes 8, 9, 10 e 12). En concreto debía presentar un novo Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente, xa que o presentado carecía de sinatura e un novo DEUC, asinado dixitalmente, xa que o presentado carecía, tamén, de sinatura.

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 ,11 e 12).
2. NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes 8, 9, 10 e 12).

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 ,11 e 12).
 - NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes 8, 9, 10 e 12).

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1607-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 2 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. NAROM, S.L.
4. ORECO BALGON, S.A.
5. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
6. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. ORECO BALGON, S.A.
4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A secretaria informa á Mesa que, tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, faise necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado a "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE. Asemade, procederase a comunicar no expediente, os datos dos membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 3 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ORECO BALGON, S.A.
2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
3. UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L.U.(porcentaxes de participación respectiva 80 % - 20 %)
4. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Revisada a documentación compróbase que a UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL, S.L.U. (porcentaxes de participación respectiva 80 % - 20 %) tanto no DEUC de CIVIS GLOBAL, S.L.U como no DEUC de AVAN INTEGRAL, S.L.U. responden, no apartado A: "Información sobre o operador económico", á pregunta "No seu caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados o teñen un certificado equivalente (p.ex., no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación?" que si, indicando ambas no punto a) desta pregunta que están inscritas no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECE). A continuación no punto d), responden á cuestión "Abarca a inscrición ou certificación todos os criterios de selección esixidos?" ambas licitadoras responden que non.

Consultado o ROLECE, pola Mesa de contratación, os certificados (anexados ao expediente deste procedemento) indican o seguinte:

- CIVIS GLOBAL, S.L.U. posúe a seguinte clasificación: Grupo J – Subgrupo 1 – Categoría 2
- AVAN INTEGRAL, S.L.U. posúe a seguinte clasificación: Grupo J – Subgrupo 1 – Categoría 3

O apartado 5A das FEC "Procede acreditar clasificación, en caso afirmativo, indícase grupo/subgrupo/categoría esixible" (Anexo I do PCPA) indica que a clasificación neste procedemento é a seguinte: Grupo J - Subgrupo 1 - Categoría 4.

O artigo 52.4 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCSP) establece que "Cuando varias de las empresas se encuentren clasificadas en el mismo grupo o subgrupo de los exigidos, la categoría de la unión temporal, en dicho grupo o subgrupo, será la que corresponda a la suma de los valores medios (Vm) de los



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 4 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



intervalos de las respectivas categorías ostentadas, en ese grupo o subgrupo, por cada una de las empresas, siempre que en la unión temporal participen con un porcentaje mínimo del 20 por 100. Para obtener el valor medio (Vm) de las categorías se aplicará la siguiente fórmula: $Vm = (\text{Límite inferior} + \text{Límite superior}) / 2$.

Tendo en conta o anterior e comprobado que na UTE as licitadoras participan nunhas porcentaxes de 80 % (CIVIS GLOBAL, S.L.U.) e 20 % (AVAN INTEGRAL, S.L.U.), procedese a realizar a correspondente operación co seguinte resultado:

- CIVIS GLOBAL, S.L.U. está clasificada, dentro do grupo e subgrupo correspondente, na categoría 2 que ten como límite superior (artigo 26 RLCSP), a 360.000 euros e como límite inferior, 150.000 euros. Aplicando a fórmula do devandito artigo 52.4 resultaría: $150.000 + 360.000 = 510.000 / 2 = 255.000$
- AVAN INTEGRAL, S.L.U. está clasificada, dentro do grupo e subgrupo correspondente, na categoría 3 que ten como límite superior (artigo 26 RLCSP), 840.000 euros e como límite inferior, 360.000 euros. Aplicando a fórmula do devandito artigo 52.4 resultaría: $360.000 + 840.000 = 1.200.000 / 2 = 600.000$

Unha vez realizadas as anteriores operacións a suma de ambos valores medios ten como resultado: $255.000 + 600.000 = 855.000$ o que sitúa a clasificación da UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L.U. na categoría 4 (que se corresponde coa clasificación establecida no apartado 5A das FEC para este procedemento), para a que o artigo 26 RLCSP indica unha pinza entre máis de 840.000 euros e menos ou igual a 2.400.000 euros.

A continuación, a secretaria informa á Mesa que, tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT- GENERATION-EU, faise necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado a "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE. Asemade, procederáse a comunicar no expediente, os datos das membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12131-224)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de 3 días á NORFORMACIÓN, S.L. para que poida emendar o Sobre B mediante escrito asinado polo representante con poder de representación no que subscriba a oferta presentada, dado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 5 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



que a oferta non consta asinada polo representante da licitadora. Asemade, se ten constancia de que o Sobre C adoce do mesmo erro, pode aproveitar para emendalo no mesmo escrito sen que en ningún caso desvele o contido da oferta.

Unha vez emendada a documentación polo citado licitador, solicitarase informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1607-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor*" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra ás membros da Mesa que, tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, foi necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

Asemade, procedeuse a comunicar no expediente, os datos das membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 6 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

A secretaria informa que o informe de análise ex ante da ferramenta MINERVA, de data 8 de xullo de 2023, pon de manifesto que "Se ha realizado el análisis de riesgos de las 32 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente: 32 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes) 0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas). Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras). Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde."

Asemade, a secretaria informa á Mesa que, recibida dilixencia de data 11 de xullo de 2023, asinada polo xefe da Área de Inversións e o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, coa comunicación dos datos dos/as técnicos/as que levarán a cabo a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, procedese a dar traslado dos mesmos, mediante a oportuna comunicación no expediente, á "Responsable de operación", para proceder, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, á correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

En vista do anterior, procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor, no momento en que se reciba o informe favorable da ferramenta MINERVA.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52694-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial e o técnico de administración xeral e xefe administrativo e de control orzamentario o 10 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 4 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" que é aceptado por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 7 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 10 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e o informe que corrixe o anterior de data 12 de xullo de 2023, asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica

A mesa acepta, por unanimidade, este segundo informe é acorda, tamén por unanimidade, excluír deste procedemento a SMARTWORLD TELECOM, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Para garantir a calidade dos proxectos que poidan optar á licitación e non por en perigo o desenvolvemento do contrato so se admitiran aquelas propostas que acaden como mínimo do 50 % da puntuación reservada aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 10 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" no que se indica que "A empresa Van Divulgación Cultural S.L. na súa oferta técnica inclúe informacións sobre os criterios avaliábles mediante fórmulas do punto 7B do prego de cláusulas administrativas:

- No apartado 9.6 "Visor web para imaxes 360º con visita activa"
- En no apartado 8.9: "Portal web Consulta" indica a creación dun portal web de consulta para as postais dixitalizadas.

Estes dous apartados reseñados anteriormente aportan información sobre os criterios avaliábles mediante fórmulas do punto 7B do prego de cláusulas administrativas, punto 2 "Incorporación de novas funcionalidades": "2. Incorporación de novas funcionalidades: valorarase con ata 16 puntos. Valoraranse as seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 03:42	Páxina 8 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB4D-52C4D6-BC53CH-A7EVQE-JHRRNG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



funcionalidades incorporadas ao proxecto:

- Visor web navegable de imaxes 360º con puntos de interacción para navegar entre elas: valorarase con 6 puntos.
- Creación dun portal web de consulta e procura das postais históricas dixitalizadas no proxecto: valorarase con 10 puntos"

A Mesa acepta, por unanimidade, este segundo informe e acorda excluír a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC") tendo en conta que existen terceiros interesados neste procedemento (resolución nº 396/2019, do 23 de maio, -recurso 574/2019- do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52694-444)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- . TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U.

- Propón como prezo do contrato o que resulte das seguintes táboas:

Escaleiras mecánicas

